



CONCELLO  
DE POIO

POLICÍA LOCAL

# PROGRAMA AXENTE TITOR



Antonio Duarte Solla

[policialocal@concellodepoio.es](mailto:policialocal@concellodepoio.es)

## **PROGRAMA AXENTE TITOR**

O Programa Axente Titor é un servizo da Policía Local especializado na promoción do respecto a os dereitos da infancia, polo que a súa intervención concéntrase no ámbito da protección do menor e a prevención no entorno escolar.

Dende esta perspectiva, o programa preséntase como un recurso máis para apoiar á comunidade educativa, na estreita coordinación co resto de profesionais da rede de recursos municipais.

O Protocolo do Programa Axente Titor que presentamos, pretende recoller o grado de axuste e definición necesario para a implantación e posta en marcha do Programa Axente Titor no Concello de Poio.

### **1. BASES DO PROGRAMA AXENTE TITOR**

#### **1.1. Principios de intervención**

Os principios de intervención que guían o presente protocolo de actuación son:

- Prioriza-la acción preventiva.
- Favorecer a integración e normalización do menor no medio social.
- Colaborar e coordinar coas entidades implicadas e Servizos Sociais.
- Orientar todas as intervencións ó primordial interese do menor.

#### **1.2. Metodoloxía**

As liñas xerais de actuación dos axentes titores se enmarcan na seguinte metodoloxía de traballo:

- Acercamento á poboación infantil e xuvenil dende a óptica da prevención.
- Traballo na rede e canalización dos procesos de intervención cara as instancias adecuadas.
- Actuación como mediadores entre a comunidade educativa e o resto da sociedade civil, segundo o disposto na Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, artigo 53*i*.
- Control de calidade de la intervención a través de un sistema de avaliación especificamente deseñado para o programa.

#### **1.3. Ámbito de aplicación**

O ámbito de aplicación do presente protocolo abarca, o Concello de Poio e a súa execución se desenrolará a nivel local, e principalmente nas seguintes materias:

- Situacións relacionadas co entorno escolar.
- Problemáticas detectadas no medio aberto: vía pública, locais e establecementos públicos.
- Incidencias no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Problemáticas acaecidas en materia de medio ambiente.
- Intervencións en materia de coordinación con outras entidades e organismos.

-Actuacións de supervisión e seguimento de medidas adoptadas con menores.

#### **1.4. Organización e dependencia do servizo**

O Programa Axente Titor dependerá orgánica e funcionalmente da Xefatura da Policía Local de Poio, que procurará que os axentes adscritos a este servizo exerzan as súas funcións de forma especializada.

A xefatura da Policía Local se encargará polo tanto, de garantir o adecuado desenrolo das funcións do Axente Titor do Concello, a través da prestación do apoio necesario.

Así mesmo, a Xefatura da Policía Local será a receptora e supervisora dos sistemas de control de calidade do servizo (registro mensual de faltas de asistencia, parte de incidencia, ficha de planificación de intervencións mensual e anual, memoria anual do Programa Axente Titor, u outras creadas a tal efecto, etc.), co obxectivo de:

-garantir o adecuado desenrolo e seguimento do servizo,

-dispoñer de ferramentas efectivas para medir os resultados do traballo dos axentes titores,

-e dar a coñecer ou visibiliza-lo traballo dos axentes titores dentro do corpo de Policía Local, posto que, debido ó carácter preventivo implícito na práctica profesional do axente titor e á inversión temporal necesaria para a planificación de intervencións, realización de seguimentos preparación de coordinacións co resto de profesionais da rede socio-educativa do municipio, as súas actividades non son sempre facilmente perceptibles fora do propio entorno do Equipo Axente Titor.

É por esta razón de vital importancia manter activo o sistema de registro de datos, para poder extraer e cuantificar as intervencións dos axentes titores anualmente e dar mostra do seu traballo ante a comunidade educativa e ante o resto de profesionais dos recursos e servizos sociais municipais.

#### **1.5. Proceso de implantación**

A iniciativa mais adecuada para a implantación do Programa Axente Titor parte da **proposta conxunta das Concellerías de Educación, Servizos Sociais e Seguridade Cidadán**, pola capacidade de organización, coordinación e planificación que se deriva do seguimento actualizado por parte das Áreas de Goberno citadas sobre as necesidades concretas dos menores e familias no Concello de Poio.

Unha vez se elabora a proposta de implantación do programa dende as concellerías e en base á coordinación previa e seguimento directo das necesidades detectadas principalmente polos centros educativos e os servizos sociais municipais, transfírese a solicitude á dirección da Policía Local.

Para levar a efecto o plan de difusión, noméanse as persoas de contacto da rede de servizos comunitarios e séntanse as bases da coordinación entre o novo Equipo Axente Titor e o resto de entidades involucradas no traballo con menores e a súas familias (centros educativos, servizos sociais, Comisión técnica de absentismo escolar, etc.).

No seguinte paso se solicita a aprobación do Consello Escolar do centro ou centros educativos do municipio para a súa adhesión formal ó programa. No caso de obter o seu consentimento, o Equipo Axente Titor poderá levar a cabo as súas funcións tanto dentro como fora dos centros, mentres que si polo contrario, se desaproba a aplicación do programa, os axentes tutores actuarán unicamente dende o exterior do recinto.

## **2. ASPECTOS XENERAIS DO PROGRAMA AXENTE TITOR**

### **2.1. Perfil do axente titor**

O Programa axente titor está composto por dous membros da Policía Local especializados na prevención e protección a menores. As súas características principais son a proximidade, a integración e a mediación en todo o entorno do menor e a súa familia, supervisado polo xefe do corpo, exercendo a dirección do programa.

O perfil tipo para a selección do axente titor basease nos criterios de voluntariedade, dispoñibilidade para a coordinación e o traballo en equipo, motivación específica para a intervención con menores, formación especializada, capacidade de autoxestión e habilidades de comunicación con menores.

### **2.2. Uniformidade**

Os axentes tutores poderán exercer as súas funcións uniformados ou de paisano, en funcións das intervencións a realizar, si ben no caso do traslado de menores e as súas familias, e co obxectivo de garantirlles tódolos seus dereitos, os axentes procurarán non ir uniformados, sempre que as circunstancias o permitan.

### **2.3. Vehículos oficiais**

No caso específico do traslado de menores e as súas familias, e co obxectivo de garantirlles tódolos seus dereitos, os axentes tutores utilizarán vehículos sen distintivos policiais, sempre que as circunstancias o permitan.

### **2.4. Dependencias policiais**

Procurarase, na medida do posible, facilitar un espazo físico propio aos axentes tutores nas dependencias policiais municipais, co fin de que, no caso de citacións, entrevistas ou mediacións, poida protexerse adecuadamente a intimidade dos menores e familias cos que se interveña.

### **2.5. Elementos de comunicación**

Sempre que as circunstancias o permitan, dotarase aos axentes tutores dun teléfono móbil e un correo electrónico corporativo, co obxectivo de axilizar a recepción de calquera incidencia relacionada con menores durante o transcurso da súa xornada, e favorecer que exista unha comunicación fluída e personalizada cos centros educativos e outros recursos comunitarios.

## **2.6. Formación específica**

A formación específica do axente titor será un requisito indispensable para exercer as funcións asignadas ó servizo, que se levará a través dos plans de formación continua do Concello e a través da Academia Galega de Seguridade Pública.

## **3. FUNCIONES DEL AXENTE TITOR**

Os axentes titores da Policía Local teñen, como misión primordial, a promoción do respecto aos dereitos da infancia, polo que a súa intervención está especializada no ámbito da protección do menor e a prevención no entorno escolar.

Segundo o ámbito de actuación específico, as funcións do axente titor poden agruparse en:

### **3.1. Actuacións no ámbito escolar**

Unha das funcións principais dos axentes titores é a protección do entorno escolar e a resolución dos conflitos que poidan xurdir dentro do mesmo, en coordinación co resto de servizos que traballan con menores de idade.

As principais funcións do axente titor no ámbito escolar son:

- Pactar un plan de traballo o inicio do curso escolar cos equipos directivos dos centros, establecendo as funcións destes axentes dentro de cada centro docente.
- Realizar contactos periódicos cos centros escolares, así como cos servizos municipais e comunitarios, para asegurar o traballo en rede.
- Actuar no caso de absentismo escolar, segundo o protocolo establecido no Manual de procedemento do Programa Axente Titor.
- Detectar e intervir con menores en idade escolar sen escolarizar e informar aos servizos sociais de atención primaria, segundo o protocolo establecido no Manual de procedemento do Programa Axente Titor.
- Intervir puntualmente dentro do ámbito escolar a petición dos centros afectados, consensuando as accións que se levarán a cabo.
- Intervir en feitos delitivos dentro do ámbito escolar.
- Actuar a petición dos centros escolares en relación co consumo de drogas tóxicas e sustancias estupefacientes e psicotrópicas.
- Actuar a petición dos centros escolares en relación ó consumo de tabaco dentro dos mesmos centros.
- Vixiar e actuar a petición dos centros ante condutas de risco e poñer especial atención ó acoso escolar e aos abusos sexuais a menores.
- Mellorar a seguridade viaria nas zonas escolares, mediante informes ás áreas competentes dos concellos en canto a sinalización e ordenación do tráfico.
- Asistir puntualmente aos Consellos Escolares a requirimento destes, para informar ou asesorar os participantes nos casos na que se traten temas de competencia dos axentes titores.

-Participar en actividades de educación viaria cunha dobre función: a do aprendizaxe por parte dos alumnos das normas básicas de circulación e civismo, e a de acercamento e coñecemento entre estes axentes e os alumnos.

-Realizar charlas informativas, preventivas e orientativas dentro das aulas en canto a temas de interese xeneral para os alumnos.

-Colaborar cos centros docentes na realización de simulacros de evacuación, así como velar polo cumprimento da normativa en medidas de seguridade dos centros escolares.

### **3.2. Actuacións en medio aberto**

Como no ámbito escolar, a atención aos menores de idade é igualmente importante nos diferentes contextos que frecuentan, polo que dende o Programa Axente Titor se presta una especial atención aos ámbitos que se expoñen a continuación, e que pertencen ó medio aberto, sempre respectando o marco normativo que afecta á Policía Local.

#### Actuacións na vía pública

-Vixiar e actuar na relación ó consumo de alcohol na vía pública por parte dos menores, segundo as ordenanzas municipais de cada municipio.

-Actuar en caso de consumo e tenencia de sustancias tóxicas, estupefacientes e psicotrópicas en zonas ou espazos públicos por parte de menores. Nos casos de venta ou tráfico de drogas, comunicarse a información obtida ás forzas e corpos de seguridade do Estado para o seu seguimento e investigación.

-Actuar sobre mendicidade exercida por menores e con menores de idade.

-Actuar sobre prostitución exercida por menores e con menores.

-Actuar sobre explotación laboral de menores.

-Localizar a menores na vía pública u outros lugares en situación de abandono e desamparo, e avisar aos servizos de protección ó menor e aos servizos sociais municipais.

-Vixiar os mercados tradicionais locais, onde poidan encontrarse a menores traballando ou en idade escolar obrigatoria en días lectivos.

-Actuar en conflitos xurdidos entre menores de idade e queixas veciñais por molestias, vandalismo ou outros feitos cometidos por estes colectivos, intentando sempre buscar solucións adecuadas para a mellora da convivencia entre tódolos habitantes do municipio.

-Coñecer as zonas de reunión dos xovenes e realizar un acercamento dende os axentes titores cara os menores para intentar cambiar a percepción que teñen estes sobre os axentes da autoridade.

-Detectar as situacións de risco que afectan a menores de idade e realizar os trámites oportunos ante os servizos sociais municipais e, no caso de necesidade, ante a Fiscalía de Menores.

-Informar aos pais ou titores das situacións ou condutas de risco no que se vexan involucrados directa ou indirectamente os seus fillos, en calquera intervención policial relevante ou susceptible de risco, e orientarlles e asesorarlles respecto aos recursos dispoñibles a este efecto.

### Actuacións en locais e establecementos públicos

-Vixiar a visibilidade ou acceso a material de tipo sexual por parte de menores de idade, tendo en conta que este control non se pode realizar sen a permisión do responsable do local ou do establecemento público.

-Intervir en materia de consumo e venda de bebidas alcohólicas e de tabaco a menores de idade nos locais e establecementos públicos, así como no acceso a estes locais.

-Informar aos responsables dos locais e establecementos públicos, nos que teñen acceso os menores de idade, as normativas que afectan a este colectivo, e revisar que as condicións técnicas destes locais estean adaptadas á normativa vixente.

-Actuar sobre o consumo e tenencia de sustancias tóxicas, estupefacientes e psicotrópicas nos locais ou establecementos públicos por parte de menores.

### **3.3. Actuacións no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación**

-Controlar, vixiar e prestar atención á vítimas menores de idade, relacionadas coas novas tecnoloxías de comunicación, como as redes sociais de Internet.

-Visitar os espazos da rede frecuentados por menores e poñer en coñecemento das autoridades competentes os feitos que poidan ser constitutivos de infraccións á normativa existente.

### **3.4. Actuacións en materia de medio ambiente**

-Participar nas diferentes iniciativas dentro do ámbito escolar e en colaboración coas áreas municipais competentes relacionadas con temas que afecten ó medio ambiente, como o uso da bicicleta, o respecto á natureza e aos animais, o civismo na vía pública ou as normas de reciclaxe.

### **3.5. Actuacións en materia de coordinación e traballo na rede con outras entidades e organismos**

-Executar as notificacións e resolucións provenientes da Fiscalía de Menores e os xulgados, realizando as indagacións oportunas para a consecución deste obxectivo.

-Traballar coordinadamente e na rede coa comunidade educativa, fiscalía, xulgados, outras forzas e corpos de seguridade, os servizos sociais, así como con outras entidades orientadas á protección del menor.

### **3.6. Actuacións en materia de supervisión e seguimento de medidas adoptadas con menores**

-Comunicar mediante informe ou expediente á Fiscalía, da adopción de medidas con menores, tanto das realizadas por resolución administrativa dos organismos públicos competentes, como das levadas a cabo con carácter urxente polos axentes tutores (ingresos en centro de acollida por desprotección, expedientes administrativos coa Xunta de Galicia, etc.).

#### **4. OPERATIVA POLICIAL DEL AXENTE TITOR**

Un protocolo de actuación es un sistema eficiente de intervención que se presenta a través de un esquema planificado y estructurado para designar de forma clara las acciones y los responsables de un proceso.

El Programa Axente Titor que a continuación se presenta, incluye los siguientes protocolos:

- 4.1. Protocolo de actuación para combatir o absentismo escolar.
- 4.2. Protocolo de actuación ante a detección dun menor en idade escolar obrigatoria sen escolarizar.
- 4.3. Protocolo de actuación ante a detección dun menor en idade escolar obrigatoria, na vía pública durante o horario lectivo.
- 4.4. Protocolo de actuación con menores de idade ante situacións de risco, maltrato ou desamparo.
- 4.5. Protocolo de actuación ante incidencias relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación.

#### **5. SISTEMA DE AVALIACIÓN**

Na intervención social, un sistema de avaliación é un procedemento sistemático e continuo que ten como obxectivo proporcionar información acerca da efectividade ou impacto dun programa.

A través dun adecuado sistema de avaliación, podemos fundamentar decisións sobre a distribución de recursos, proporcionar información pública sobre os logros conseguidos e os retos pendentes, comprobar a utilidade do programa, promover procesos de aprendizaxe individual ou colectivo sobre o que se fai e como se fai, etc.

Por esta razón, o Programa Axente Titor debe apoiarse nun sistema de avaliación completo e sensible aos cambios que se operen na súa formulación, tendo en conta os seguintes principios:

1º A avaliación do programa parte da utilización de sistemas efectivos de control da intervención, como son:

- a) Rexistro mensual de faltas de asistencia ou “ESTAR SEN ESTAR”
- b) Rexistro de incidencias nas aulas.
- c) Parte de derivación de incidencias á Policía Local.
- d) Rexistro de accións planificación mensual.
- e) Rexistro de accións planificación anual.

2º Un sistema de avaliación efectivo caracterízase pola busca continua de calidade e obxectividade, polo que se utilizarán unha serie de indicadores de xestión, que son los encargados de medir o traballo realizado mensual e anualmente polos axentes titores.

3º Os indicadores de xestión deberán evolucionar, en función das novas demandas e as intervencións que se desexen medir.

Alguns exemplos de indicadores de xestión aplicables ó Programa Axente Titor son:

- Visitas realizadas a centros escolares.
- Intervención con menores no ámbito dos centros escolares (indicador xeral).
- Intervención no caso de absentismo escolar.



- Intervencións no caso de consumo de drogas.
  - Intervencións no caso de menores desprotexidos.
  - Intervencións no caso de menores infractores.
  - Número de contactos coas nais e pais.
  - Número de contactos con docentes/ persoal do equipo directivo dos centros educativos.
  - Número de contactos con asociacións de alumnos.
  - Número de contactos con asociacións con participación no ámbito escolar.
  - Colaboracións con outros departamentos municipais (Servizos sociais, Educación, Centros de saúde, etc.).
  - Colaboracións con outros organismos públicos (Servizos de Protección da infancia, Fiscalía de Menores, xulgados, etc.).
  - Asistencia á Comisión Técnica de Absentismo Escolar.
- 4º Realizaranse enquisas aos equipos directivos e ás ANPAS dos centros educativos co obxectivo de actualizar cada ano as novas demandas ou suxestións de mellora da comunidade educativa.
- 5º Elaborarase unha memoria anual que inclúa o análise dos resultados ofrecidos polos indicadores de xestión previamente citados, así como os resultados das enquisas realizadas.
- 6º Na memoria anual incluíranse tamén as propias suxestións dos axentes titores, col obxectivo de mellorar a calidade do servizo e adaptar o programa á evolución das problemáticas do colectivo infantil do Concello de Poio.
- 7º Presentaranse os resultados á comunidade educativa, co obxectivo de mostrar a transparencia nas intervencións e abrir o debate necesario para a mellora constante do servizo.

Inspector Xefe da Policía Local de Poio

Email: [policialocal@concellodepoio.es](mailto:policialocal@concellodepoio.es)

Teléfono: 986770001